

Aprobado por Resolución de Alcaldía do 30/01/2013

O alcalde

Manuel Miras Franqueira



O secretario accdral

Felix Manuel Carrasco del Pozo



PREGO DE CONDICIÓNS DE OUTORGAMENTO DE CONCESIÓNS DOS NICHOS E COLUMBARIOS DO CEMITERIO MUNICIPAL DE OROSO

I ELEMENTOS DA CONCESIÓN

1 OBXECTO

- 1.1 É obxecto do presente prego de condicións regular o procedemento de adxudicación e o contido da concesión demanial para o uso privativo das unidades de enterramento no Cemiterio municipal de Oroso que de seguido se relacionan.
- 1.2 A efectos identificativos, denominarase nicho a unidade de enterramento construída en edificación sobre a rasante do terreo, e columna ao conxunto vertical de catro nichos e un columbario ao que se pode optar por concesión conxunta. Os nichos e panteóns serán numerados de forma correlativa, a efectos identificativos, quedando obrigados os titulares a aceptar o numero.
- 1.3 Unidades de enterramento que se ofertan en concesión:
 - **75** Columnas distribuídas en 7 bloques que se adxudicarán coma unidades indivisas ou ben por nichos soltos, de conformidade co presente prego.
- 1.4 Ao presente prego incorporase como anexo II un plano no que se describe o emprazamento das columnas que se ofertan.

2 RÉXIME XURÍDICO DA CONCESIÓN

- 2.1 A ocupación en concreto de cada unidade de enterramento conceptúase como unha utilización privativa dun ben demanial que precisa do oportuno título habilitante. Este título, dadas as súas características, terá a consideración dunha concesión administrativa demanial encadrada legalmente no artigo 93 da Lei 33/2003, de patrimonio das Administracións Públicas, así como o artigo 78 do Regulamento 1372/1986, de bens das Entidades Locais.
- 2.2 As partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego e para o non previsto no mesmo será de aplicación a Lei 33/2003, de patrimonio das Administracións Públicas e o seu regulamento de desenvolvemento, o RD 1372/1986, de bens das Entidades Locais, o TR 3/2011 da lei de contratos do sector público; RD 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral en desenvolvemento do anterior; Lei 7/85 do 2 de abril e R. D. Lex. 781/86, do 18 de abril, o Regulamento de utilización do cemiterio do Concello de Oroso, e a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do Cemiterio municipal de Oroso, publicadas ámbalas dúas no BOP de data 24/9/2012, así coma demais



Aprobado por Resolución de Alcaldía do 30/01/2013

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira



O secretario accdta

Felix Manuel Carrasco del Pozo

normativa aplicable á contratación e bens locais e demais normativa que sexa aplicable en cada momento.

- 2.3 En todo caso, as unidades de enterramento obxecto de concesión seguirán sendo de titularidade e propiedade do Concello de Oroso, quedando prohibido calquera clase de negocio xurídico que implique a transmisión ou gravame das mesmas en contra da normativa aplicable.
- 2.4 As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos da concesión serán resoltas polos órganos de contratación; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, a teor da lei de dita xurisdición. Non obstante, os interesados poderán interpor o recurso potestativo de reposición previsto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

3 REQUISITOS DOS LICITADORES INTERESADOS

- 3.1 Poderán presentar proposicións no presente procedemento, de conformidade co disposto no Regulamento de utilización do cemiterio municipal de Oroso exclusivamente:
1. Persoas físicas.
 2. Administracións públicas ou corporacións, fundacións ou entidades legalmente constituídas, de tipo social ou benéfico, para uso exclusivo de seus membros ou acollidos.
- 3.2 Os titulares non poderán estar incursos en ningunha das prohibicións de contratar establecidas no artigo 60 del TRLCSP como prohibitivas para contratar co sector público.
- 3.3 Por outra banda e co fin de facilitar nichos e columbarios as persoas que residan ou estean vinculadas co Municipio de Oroso e facilitar que a maioría dos cidadáns poidan ser titulares de concesións, establécense a seguintes limitacións:
1. Ningunha persoa física ou xurídica, soa ou en concorrencia con outras, poderá asinar máis de unha solicitude.
 2. Non poderán presentar solicitudes separadas os membros da mesma unidade familiar. Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente ou parellas de feito e:
 - i. Os/as fillos/as menores de idade.
 - ii. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.


Aprobado por Resolución de Alcaldía do 30/01/2013

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira

O secretario xeral

Felix Manuel Carrasco del Pozo



iii. Os/as fillos/as maiores de dezoito anos que estean empadroados no mesmo domicilio familiar que os seus proxenitores alomenos dende a aprobación do presente prego.

4 SOLVENCIA ECONÓMICA Y TÉCNICA DO CONCESIONARIO

4.1 Dadas as características da concesión, que versa sobre unha concesión de tipo demanial sen que comporte a prestación de servizo de ningún tipo ao concello polo posible adquirente, non se establecen criterios de solvencia técnica nin económica.

5 GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO

5.1 Serán de conta do adxudicatario, os seguintes gastos:

- a) Os tributos estatais, municipais e autonómicos que deriven da concesión.
- b) A formalización pública da adxudicación del contrato se así o pedise o adxudicatario.

6 DURACIÓN DA CONCESIÓN

6.1 Establecese unha duración da concesión de 75 anos improrrogables que comezarán a contar dende a data de formalización da concesión demanial.

7 PREZO DA CONCESIÓN

7.1 De conformidade coa ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento privativo e prestación de servizos no cemiterio municipal de Oroso, os prezos ou canons mínimos a satisfacer pola concesión durante o tempo previsto, que poderán ser mellorados polos licitantes serán os seguintes:

7.1.1 PREZO POR COLUMNA (4 nichos e un cinceiro): 3.525 euros.

7.1.2 PREZO POR NICHOS: 881,25 euros.

II ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN

8 PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

8.1 De conformidade co disposto no artigo 78.2 RD 1372/1986, o sistema de adxudicación será o de procedemento aberto previsto nos artigos 157 a 161 TRLCSP, tramitación ordinaria en virtude do disposto no artigo 109 TRLCSP e con un único criterio de adxudicación, o prezo ofertado.

9 MESA DE CONTRATACIÓN

9.1 A Mesa de Contratación estará composta por:

Aprobado por Resolución de Alcaldía do 30/01/2013


O alcalde

Manuel Mirás Franqueira



O secretario accidental

Felix Manuel Carrasco del Pozo



9.1.1 Presidente: Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue.

9.1.2 Vocais:

José Jaime Carneiro Uzal, concelleiro de medio rural

M^a del Carmen Liste Raña, concelleira de sanidade

Dalmiro Núñez Méndez, secretario municipal.

Felix Manuel Carrasco del Pozo, interventor municipal.

9.1.3 Secretaria: Ana María Liñares Castro, Funcionaria da corporación.

10 PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS E DOCUMENTACIÓN ESIXIDA

10.1 Para participar no procedemento, os licitadores deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles dende a data de publicación do derradeiro anuncio no DOGA, BOP e o Perfil do Contratante, dous sobres pechados (A e B), coa documentación que logo se especifica, indicando en cada un o procedemento a que se concorre, nome e apelidos de quen asina a proposición e o carácter con que o fai, todo iso de forma lexible. No interior de cada sobre incluírase una relación rubricada dea documentación contida en cada un deles. Durante este prazo, que servirá de exposición pública, poderán presentarse igualmente alegacións ás presentes bases, en cuxo caso suspenderase o procedemento de licitación ata a súa resolución expresa.

10.2 Os licitadores tamén poderán enviar os sobres a que se refire o parágrafo anterior por correo, dentro do prazo de admisión expresado no anuncio. En este caso os licitadores xustificarán a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarán a este concello a remisión da oferta mediante fax ou telegrama, hasta as catorce horas do derradeiro día de presentación de ofertas. Sen a concurrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida por este organismo con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, os dez días naturais seguintes á data indicada, sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

10.3 Os licitadores comprométense a manter o contido da súa oferta durante un período mínimo de dous meses contados a partir da data de terminación de presentación de proposicións.

10.4 Toda a documentación presentada deberá ser orixinal ou compulsada e deberá ser presentada en idioma español ou galego. A documentación orixinal en outros idiomas deberá ser acompañada de copia traducida por tradutor xurado.

10.5 **Sobre (A) Capacidade para contratar.** Conterá os seguintes documentos:

10.5.1 Credencial da personalidade:

Aprobado por Resolución de Alcaldía do 30/01/2013

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira

O secretario actual

Felix Manuel Carrasco del Pozo



- Se trátase de persoas físicas, presentarán copia do Documento Nacional de Identidade.
- Se trátase de algunhas das corporacións ou asociacións capacitadas para presentar proposta, deberá acompañarse copia autorizada dos Estatutos e credencial de inscrición no seu caso no Rexistro de Asociacións.

10.5.2 Cando o licitador non actúe en nome propio, ou trátase de unha sociedade ou persoa xurídica, deberá presentar apoderamento bastante (legal, suficiente e subsistente) ante a Secretaría del Concello.

10.5.3 Cando o licitador sexa una sociedade presentará copia da tarxeta de identificación fiscal.

10.5.4 Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ante as Facendas Estatal, da Comunidade Autónoma Galega e do Concello e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

10.5.5 Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias que incapacitan para contratar que se enumeran no artigo 60 TRLCSP.

10.5.6 No caso de presentación de solicitude por varias persoas físicas, deberá nomearse un representante das mesmas.

10.6 Sobre (B) Proposición económica

10.6.1 Conterá a proposición, expresada conforme ao modelo que figura como anexo 1.

10.6.2 Non se admiten variantes.

11 CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

As unidades de enterramento adxudicaranse tendo en conta o prezo ofertado, seguindo as seguintes regras:

1. Se o número de unidades de enterramento solicitadas admitidas a trámite é inferior ou igual ao número de unidades de enterramento ofertadas, formularase proposta de adxudicación directamente aos solicitantes polo prezo ofertado.
2. Se o número de de solicitudes admitidas a trámite é superior ao número de unidades de enterramento ofertadas, procederase como segue:

Aprobado por Resolución de Alcaldía do 30/01/2013

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira



O secretario accdral

Felix Manuel Carrasco del Pozo



- a) Terán preferencia os solicitantes dunha columna fronte aos que soliciten un nicho.
- b) Ordenarase de maior a menor as ofertas presentadas, e formularase proposta de adxudicación en favor dos solicitantes que oferten maior prezo ata cubrir as unidades ofertadas. No caso de empate terá prioridade a solicitude formulada primeiro no tempo, e de persistir o empate, procederase a sorteo ante a mesa de contratación en acto público.

12 APERTURA E VALORACIÓN DE PROPOSICIÓNS

12.1 La Mesa de Contratación, previamente ao acto de apertura de proposicións económicas, examinará e cualificará formalmente a documentación contida no sobre A, e se este contén todo o esixido por este prego ou existen omisións determinantes da exclusión ou defectos materiais subsanables.

12.2 Os resultados de esta cualificación previa da documentación presentada así coma as restantes actuacións da mesa publicaranse exclusivamente no taboleiro de anuncios do Concello na Casa Consistorial (Praza Isaac Díaz Pardo 1), e no Perfil do Contratante do concello (www.concellooroso.com) medios de notificación exclusivos aos licitadores de conformidade co disposto no artigo 59.6 b) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

12.3 Para a subsanación dos defectos materiais subsanables observados concederase un prazo non superior a tres días para que o licitador emende o erro. O cómputo do devandito prazo comezará o día hábil inmediatamente posterior á publicación no taboleiro de anuncios e Perfil do Contratante.

12.4 A Mesa de Contratación, en acto público procederá a dar conta das ofertas excluídas e a causa da súa exclusión así como á apertura e valoración do sobre "B".

12.5 A Mesa de Contratación clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas segundo os criterios de valoración recollidos no presente prego e formulará proposta de adxudicación, ou de declararalo deserto se ningunha das ofertas presentadas reunise os requisitos esixidos.

13 ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN

13.1 O órgano de contratación requirirá aos licitadores que presentasen as ofertas economicamente máis vantaxosas propostas pola Mesa de Contratación para que dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presenten a seguinte documentación:

Aprobado por Resolución de Alcaldía do 30/01/2013

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira

O secretario xeral

Felix Manuel Carrasco del Pozo

- 1.- As certificacións ás que se refiren no artigo 15 do Regulamento de contratación respecto das obrigas tributarias e de Seguridade Social contempladas nos artigos 13 e 14 do citado regulamento, se para acreditar o cumprimento das devanditas obrigas se adoptase inicialmente pola presentación de unha declaración responsable. Os licitadores poderán autorizar ao concello para solicitar os mencionados certificados de oficio das administracións mencionadas.
- 2.- Credencial do ingreso de todo ou a metade do canon concesional nas contas da corporación, de conformidade co disposto no artigo 15 deste prego e co modelo posto a disposición polo concello.
- 13.2 De non cumprírense adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a acadar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.
- 13.3 O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.
- 13.4 La adxudicación deberá ser motivada, e notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.
- 13.5 Os adxudicatarios quedan dispensados da necesidade de constituír garantía definitiva ao amparo do artigo 95 do TRLCSP, debido a súa escasa contía en relación ao prezo e duración da concesión.
- 13.6 Unha vez cumpridos os requisitos esixidos, o órgano de contratación realizará a asignación concreta aos adxudicatarios das unidades de enterramento por sorteo público, tendo en conta que en caso de vacantes, agruparase aos adxudicatarios de xeito sucesivo. Nembargante, antes da formalización da concesión, mediante acordo dos adxudicatarios que estean na mesma situación poderán facerse permutas.

14 FORMALIZACIÓN DA CONCESIÓN

- 14.1 A concesión formalizarase en documento administrativo ante a Secretaría do Concello nun prazo non superior a quince días hábiles dende a notificación da adxudicación ao adxudicatario. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo de seu cargo os correspondentes gastos.
- 14.2 Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, o órgano de contratación poderá acordar deixar sen efecto a adxudicación efectuada e proceder á adxudicación ao seguinte licitador clasificado coa oferta económica máis vantaxosa nos termos do artigo anterior.

Aprobado por Resolución de Alcaldía do 30/01/2013

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira



O secretario accdial

Felix Manuel Carrasco del Pozo



III CONTIDO DA CONCESIÓN

15 PAGO DO CANON CONCESIONAL

As persoas físicas que sexan concesionarios deberán satisfacer o canon dunha vez ou fraccionado en dous partes iguais, segundo especificaran na súa proposta económica.

No caso de persoas xurídicas o canon deberá ser satisfeito dunha vez.

Esixirase o pago e depósito previo da primeira ou única cota no seu caso para proceder á adxudicación da concesión, de conformidade co disposto no artigo 13.1 deste prego, sendo requisito inescusable para proceder á mesma.

Transcorrido o prazo de seis meses dende a adxudicación da concesión, a administración practicará a correspondente liquidación polo importe da segunda cota que lle será notificado aos adxudicatarios. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as contías pendentes de pago poderán ser esixidas mediante o procedemento de constrinximento regulado no Regulamento Xeral de Recadación, todo elo sen perxucio da imposición das sancións previstas no Regulamento de utilización do cemiterio municipal de Oroso.

16 DEREITO E OBRIGAS DOS CONCESIONARIOS

Os concesionarios terán os dereitos e obrigas sinalados como titulares de un dereito funerario segundo o disposto polo Regulamento de utilización do cemiterio de Concello de Oroso e as obrigas tributarias sinaladas pola Ordenanza fiscal da taxa de utilización do cemiterio municipal de Oroso en cada momento, segundo a lexislación vixente.

17 RÉXIME SANCIONADOR

Os titulares da concesión responderán das infraccións definidas no Regulamento de utilización do cemiterio municipal de Oroso en cada momento, asumindo as sancións definidas no mesmo de conformidade co procedemento regulado.

18 EXTINCIÓN DA CONCESIÓN

A concesión extinguirase polas razóns dispostas no Regulamento de utilización do cemiterio municipal de Oroso.

Aprobado por Resolución de Alcaldía do 30/01/2013

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira

O secretario acedtal

Felix Manuel Carrasco del Pozo

**ANEXO Ia: MODELO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN (SOBRE A) NO
PROCEDEMENTO DE ADJUDICACIÓN DOS NICHOS E COLUMBARIOS
PRESENTADAS POR PERSOAS FÍSICAS**

Os abaixo asinantes presentamos solicitude para tomar parte no **procedemento de outorgamento de concesión de nichos e columnas do cemiterio municipal de Oroso**, achegando a seguinte documentación esixida polo prego aprobado:

NOME	DNI	DOMICILIO	SINATURA

(Marcar os cadros que procedan)

- Presentamos Copia do Documento Nacional de Identidade de todos os solicitantes.
- Declaramos que atopámonos ao corrente do cumprimento das obligaciones tributarias ante as Facendas Estatal, da Comunidade Autónoma Galega e do Concello, así coma da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Aprobado por Resolución de Alcaldía do 30/01/2013

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira

O secretario acordar

Felix Manuel Carrasco del Pozo



- Declaramos que non estamos incursos en ningunha das circunstancias que incapacitan para contratar que se enumeran no artigo 60 TRLCSP.
- Autorizamos ao Excmo.. Concello de Oroso para que acade de xeito telemático no noso nome as certificacións de atoparse ao corrente das obrigas coa Seguridade Social e a Axencia Estatal de Administración Tributaria, no caso de seres adxudicatarios.
- Nomeamos representante neste procedemento entre os solicitantes que asinan, segundo o disposto no artigo 15 do Regulamento de utilización do cemiterio municipal de Oroso, a: **(a persoa ten que figurar nos cadros anteriores)**

NOME	DNI	DOMICILIO

En, a de 2013

Aprobado por Resolución de Alcaldía do 30/01/2013

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira

O secretario xeral

Felix Manuel Carrasco del Pozo

ANEXO IIa: MODELO DE PRESENTACIÓN DE OFERTA ECONÓMICA (SOBRE B) NO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DOS NICHOS E COLUMBARIOS PRESENTADAS POR PERSOAS FÍSICAS POR PERSOAS FÍSICAS

Os abaixo asinantes en relación ao **procedemento de outorgamento de concesión de nichos e columnas do cemiterio municipal de Oroso**, fan constar:

1º.- Que coñecen e aceptan incondicionalmente cantas obrigas se deriven do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que regulan a presente concesión.

2º.- Que presentan oferta segundo o prego aprobado para a duración prevista de 75 anos da concesión polas seguintes contías:

(Marcar só unha opción)

- UNHA COLUMNA (4 NICHOS E UN CINCEIRO):.....euros. (Mínimo 3.525 euros).
- UN NICHO euros. (Mínimo 881,25 euros).

3º.- Que a forma de pago elixida de conformidade co prego é a seguinte **(Elixir só unha opción)**:

- Un único pago, antes da adxudicación da concesión.
- Dous pagos, a metade antes da adxudicación e a outra metade esixible 6 meses despois da data de adxudicación da concesión.

NOME	DNI	DOMICILIO	SINATURA

Aprobado por Resolución de Alcaldía do 30/01/2013

O alcalde
Manuel Mirás Franqueira

O secretario accdtal
Felix Manuel Carrasco del Pozo

NOME	DNI	DOMICILIO	SINATURA

En, a de 2013

Aprobado por Resolución de Alcaldía do 30/01/2013

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira

O secretario accdta

Felix Manuel Carrasco del Pozo

**ANEXO Ib: MODELO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN (SOBRE A) NO
PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DOS NICHOS E COLUMBARIOS
PRESENTADAS POR PERSOAS XURÍDICAS**

D..... con dirección en calle, núm..... de
teléfono..... con DNI núm. (o Pasaporte o documento que lo
substitúa) núm..... actuando en representación de
..... con DNI o CIF núm. y con dirección en
..... núm. de teléfono para tomar parte no **procedemento
de outorgamento de concesión de nichos e columnas do cemiterio municipal de
Oroso**, presenta a seguinte documentación:

- Copia autorizada dos Estatutos e credencial de inscrición no seu caso no Rexistro de Asociacións.
- Poder bastante e suficiente outorgado a favor das seguintes persoas para actuar en nome e representación da entidade (*engadir tantos nomes como sexa necesario*):
 - o D./Dona..... con DNI nº
- Copia da tarxeta de identificación fiscal.
- Declaración de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias ante las Facendas Estatal, de la Comunidade Autónoma Galega e do Concello e de Seguridade Social impostas por las disposicións vixentes.
- (Opcional)** Credencial de estar ao corrente de las obrigacións tributarias,
 - o Con la Facenda Estatal, ata a data
 - o Con la Facenda de la Comunidade Autónoma, hasta la fecha.....
- (Opcional)** Credencial de estar ao corrente de las obrigacións con la Seguridade Social, ata a data.....
- Declaración de no estar incurso en ningunha de las circunstancias que incapacitan para contratar que se enumeran en el artigo 60 TRLCSP.

En, a de 2013

Nome e sinatura

Aprobado por Resolución de Alcaldía do 30/01/2013

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira

O secretario acdta

Fel'x Manuel Carrasco del Pozo

**ANEXO IIB: MODELO DE PRESENTACIÓN DE OFERTA ECONÓMICA (SOBRE B)
NO PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN DOS NICHOS E COLUMBARIOS
PRESENTADAS POR PERSOAS FÍSICAS POR PERSOAS XURÍDICAS**

D.....con dirección en calle, núm..... de
teléfono..... con DNI núm. (o Pasaporte o documento que lo
substitúa) núm..... actuando en representación de
..... con DNI o CIF núm. y con dirección en
..... núm. de teléfono para tomar parte no **procedemento
de outorgamento de concesión de nichos e columnas do cemiterio municipal de
Oroso**, fai constar que:

1º.- Que coñece e acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do
Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que regulan a presente concesión.

2º.- Que presenta oferta segundo o prego aprobado para a duración prevista de
75 anos da concesión polas seguintes contías:

(Elixir só unha opción)

- UNHA COLUMNA (4 NICHOS E UN CINCEIRO):.....euros. (Mínimo
3.525 euros).
- UN NICHO euros. (Mínimo 881,25 euros).

En, a de 2013

Nome y sinatura

